

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

**CONCELLARÍA DE DEPORTES**

**PROTOCOLO E MEDIDAS HIXÉNICO-SANITARIAS  
CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN 2020**

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

### 1. INTRODUCCIÓN

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Deportes, organiza os campamentos deportivos municipais urbanos do verán 2020 co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar para aquelas persoas que teñen que traballar nos meses de verán e que teñen que buscar una saída para o coidado dos seus fillos e fillas.

De igual modo, búscase que os nenos e nenas da cidade poidan relacionarse de novo con persoas da súa idade.

Despois de este período de confinamento, motivado pola Pandemia COVID-19, os nenos e nenas precisan volver a ter contacto social con outros menores.

A combinación de ocio e deporte convértese na mellor terapia para os nosos nenos e nenas.

O contacto coa natureza, os xogos, a creatividade, serven para que os nenos nenas volvan a sentir o que son.

Os campamentos organizados pola Concellaría de Deportes pretenden ser seguros. Sen embargo, intentar que os nenos e nenas non se toquen é case imposible polo que temos que garantir que cando accedan as nosas instalacións e ás actividades o fagan coa maior seguridade que poidamos, e en iso estamos a traballar: deporte, hixiene, saúde e prevención.

Para iso debemos asumir un compromiso conxunto entre o Concello, as familias e as empresas contratadas para prestar este servizo, co fin de conseguir as máximas garantías de un campamento seguro e libre de COVID-19.

Este compromiso conséguese aprobando e asumindo este Protocolo por todas as partes implicadas.

O Protocolo publicarase na web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) para coñecemento xeral.

Este documento nace co obxectivo de facilitar, tanto a monitores/as, empresas e familias, as medidas que a diario se van levar a cabo para tratar de organizar os campamentos coa máxima seguridade posible.

Para elaborar o documento seguíronse as pautas marcadas pola Xunta de Galicia a través de dous documentos:

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

1. Resolución da Secretaría Xeral Técnica dependente da Consellaría de Sanidade, do día 12 de xuño de 2020, publicada no DOG o día 13 de xuño de 2020 (Plan para a transición a unha nova normalidade).
2. Documento que recolle as recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de educación non formal, ocio educativo e tempo libre, adaptadas á situación de COVID-19, elaborado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado dependente da Consellería de Política Social.

### 2. PARTICIPANTES NOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

Poderán participar nestes campamentos, exclusivamente, os menores que obtiveron unha praza logo de tramitar o procedemento establecido polo Servizo Municipal de Deportes.

A listaxe definitiva publicouse na web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

De acordo co establecido nas Bases 16 reguladora da convocatoria e na normativa aplicable, **non poderán participar nos campamentos:**

- i. Menores que den positivo en COVID-19.
- ii. Menores que poidan padecer algún síntoma COVID-19 (febre, cansazo, tose seca ou dificultade para respirar), ou que o padeceran nos últimos 15 días, salvo que a aparición dos síntomas tivera como consecuencia a realización dunha proba medida e que se descartase o COVID-19.
- iii. Menores que tiveran contacto directo ou que compartiran espazo (sen garantir a distancia de seguridade) con persoas que deran positivo en COVID-19 ou con persoa que poidan presentar algún síntoma COVID-19.
- iv. Menores que pertencen a algún dos grupos de risco relacionados polo Ministerio de Sanidade en materia de Covid-19, ou que convivan con algunha persoa que poida pertencer a eses grupos de risco (diabetes, enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, mulleres embarazadas e maiores de 60 anos).

Para poder participar nos campamentos os pais, nais ou titores legais dos menores tiveron que presentar asinada unha Declaración responsable onde se declarou:

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

1. Que o menor ou a familia non está en algunha das situacións de exclusión dos campamentos.
2. Que asumen este Protocolo e as medidas de hixiene que estableza o Concello da Coruña para realización dos campamentos.
3. Que se compromete a avisar ao Concello da Coruña, a través do Servizo Municipal de Deportes, se aparece algún síntoma COVID-19 durante o transcurso do campamento, tanto no menor como na familia ou nas persoas coas que se relacionen.

Calquera tipo de documentación médica presentada polos pais, nais ou titores legais ante o Servizo Municipal de Deportes non terá validez aos efectos de considerar se o menor está nunha situación de risco ou non motivada polo COVID-19, tendo en conta que o Servizo Municipal de Deportes non está composto por persoal sanitario e polo tanto non ten capacidade para entender ou aplicar informes médicos.

Correspóndelle aos pai, nais ou titores legais garantir a seguridade dos seus menores a cargo e non expoñelos a riscos innecesarios.

A información médica facilitada terase en conta a efectos de alerxias alimenticias (no caso de que o menor solicite o servizo de cáterin) ou no caso de que haxa que atender a algunha necesidade especial do menor.

En ningún caso se lle subministrará ningún medicamento por parte do monitorado.

No caso de que o menor precise atención médica procederase do seguinte xeito:

- Atención médica derivada dunha **enfermidade común**: chamarase ao pai, nai ou titor legal para que recolla ao menor. Se fose grave, avisarase ao 061.

- Atención médica motivada por unha **lesión deportiva**: chamarase ao pai, nai ou titor legal para que recolla ao menor. Se precisase atención médica cubrirase un parte de lesión ante a compañía de seguros que ten contratada a Concellaría de Deportes e derivarase ao menor ao centro hospitalario concertado no seguro.


## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

### 3. ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓN DE COVID-19

#### 3.1 DETECCIÓN DE SÍNTOMAS FÓRA DO CAMPAMENTO

No caso de que se detecten síntomas COVID-19 nun menor cando non se encontra nos campamentos deportivos municipais, os pais, nais e titores legais deberán poñelo en coñecemento do Servizo Municipal de Deportes o antes posible para que se active o protocolo de illamento de todos os participantes que puideron estar en contacto co menor.

Chamarase ao seguinte número de teléfono:



#### 3.2 DETECCIÓN DE SÍNTOMAS DENTRO DO CAMPAMENTO

No caso de que un menor presente síntomas COVID-19 dentro do campamento, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do seu monitor ou monitora.

O monitor ou monitora iniciará o Protocolo de illamento do menor.

A súa vez, o monitor deberá chamar ao pai, nai ou titor legal do menor, poñelo en coñecemento do seu coordinador ou coordinadora e este en coñecemento do Servizo Municipal de Deportes.

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

### 3.3 PROTOCOLO DE ILLAMENTO DUN MENOR



## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

De acordo co Protocolo de illamento, no caso de que un menor detecte síntomas COVID-19 debe poñelo inmediatamente en coñecemento do seu monitor ou monitora, o cal deberá poñelo en illamento.

O monitor deberá chamar por teléfono ao pai, nai ou titor do menor para que o recollan e aos números de teléfono indicados, en función da severidade do síntoma.

Ao mesmo tempo, o monitor deberá poñelo en coñecemento do seu coordinador ou coordinadora que llo comunicará ao Servizo Municipal de Deportes.

O Servizo Municipal de Deportes debe poñelo en coñecemento da Xefatura Territorial de Sanidade.

O monitor ou monitora debe facilitar unha listaxe cos menores que estiveron en contacto directo co menor afectado, cos seguintes datos (ademais dos datos do propio monitor ou monitora):

- Nome e apelidos
- Teléfono de contacto dos pais, nais ou titores
- Grupo e instalación deportiva

O Servizo Municipal de Deportes comunicarase coas familias dos menores que estiveron en contacto e non poderán volver ao campamento ata que se descarten os síntomas do primeiro menor.

### **4. INFORMACIÓN EN MATERIA DE PROTOCOLOS**

O Concello da Coruña, Concellaría de Deportes, debe facilitar este Protocolo as partes implicadas.

As familias deberán falar cos menores e explicarlles este Protocolo.

Cada unha das empresas contratadas para intervir nos campamentos deportivos municipais deberán formar ao seu persoal en materia de prevención de COVID-19, tato de riscos laborais do seu propio persoal como de prevención de contaxio cos menores.

O monitorado, o primeiro día de inicio dos campamentos, deberá dedicar o tempo necesario a que os nenos e nenas entendan a importancia de cumprir coas medidas hixiénico-sanitarias do COVID-19. A charla farase da forma mais lúdica posible.

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

### 5. ENTRADA E SAÍDA DOS CAMPAMENTOS

Por motivos de seguridade ningún pai, nai ou titor/a legal poderá acceder ás instalacións onde se desenvolven os campamentos.

Tampouco ningunha persoa allea aos campamentos.

A entrega e recollida dos menores farase polas portas sinalizadas ao efecto. No tempo de espera e recollida deberase gardar a distancia de seguridade de 1,5 metros.

Para a entrega e recollida os pais, nais e titores deberá acudir con máscara e coas mans desinfectadas.

#### LUGARES DE ENTREGA E RECOLLIDA

- Campamento de Riazor: portalón de acceso á explanada do Frontón de Riazor (esta porta será a utilizada sempre, acudan ou non o menor ao comedor)
- Campamento de Novo Mesoiro: porta de acceso ao polideportivo de Novo Mesoiro
- Campamento do Barrio das Flores: porta de acceso ao polideportivo do Barrio das Flores

### 6. AVISO NO CASO DE QUE UN MENOR NON ACUDA AO CAMPAMENTO

O pai, nai ou titor/a lega, deberá avisar de que un menor non vai acudir ao campamento. O aviso deberase realizar polo menos con 24 horas de antelación.

O teléfono de contacto é o 674 764 997 (Proxecto Bululú SL)

### 7. RATIO DOS GRUPOS

Establécese a seguinte ratio: 1 monitor/a cada 10 menores.

No caso de persoas con discapacidade ou con necesidades especiais aumentarase o monitorado para a atención desas persoas.

En todo caso deberanse dividir os menores en subgrupos de actividades, con un máximo de 15 persoas/subgrupo, incluídos os monitores.



## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

En cada subgrupo deberase cumprir o seguinte:

- Traballo individual, ou se non fose posible con máscara
- Sen contacto co resto de subgrupos
- Sempre que sexa posible asignaráselle un lavabo a cada subgrupo
- Distancia de seguridade de 1,5 metros ou se non fose posible con máscara
- Material desinfectado e a poder ser de uso individual
- Preferentemente realizaranse actividades ao aire libre
- En espazos pechados deberá garantirse a separación de 1,5 metros (ou no seu caso o uso de máscara) e a correcta ventilación

### 8. NÚMERO MÁXIMO DE PERSOAS EN CADA INSTALACIÓN DEPORTIVA

**Nas instalacións ao aire libre:** establécese un aforo máximo do 75% da súa capacidade habitual, e como máximo 250 persoas (incluído o monitorado).

**Nas instalacións pechadas:** establécese un aforo máximo do 50% da súa capacidade habitual, e como máximo 150 persoas (incluído o monitorado).

As actividades deberanse organizar en subgrupos de máximo 15 persoas (incluído o monitorado).

### 9. MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN

#### 9.1 MEDIDAS PERSOAIS

- a. Declaración responsable asinada.
- b. Sen síntomas COVID-19.
- c. Información previa por parte do monitorado (dinámica lúdico-formativa).
- d. Control de temperatura á entrada e saída.

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

- e. Cada menor deberá traer ao campamento unha máscara limpa cada día e unha mochila ou bolsa onde gardar os seus efectos persoais.
- f. Os menores deberán traer o pelo retirado da cara e a poder ser recollido, para evitar tocarse a cara mentres se fai deporte.
- g. Desinfección de calzado antes de entrar nas instalacións, para o cal se establecerá unha zona de pisado. Deberá traerse calzado deportivo. Evitar sandalias ou calzado aberto.
- h. Distancia persoal de 1,5 metros sempre que sexa posible.
- i. Hixiene de mans frecuente (auga e xabón ou xel hidroalchólico): será obrigatoria a hixiene, en todo caso, ao entrar no campamento, cos cambios de actividade, antes e despois de ir ao lavabo e antes e despois das comidas ou merendas.

<p><b>HIXIENE DE MANS AO ACUDIR AO LAVABO</b></p> <p><b>1º DESINFECTA AS MANS ANTES DE ENTRAR</b></p> <p><b>2º BAIXA A TAPA DO INODORO ANTES DE ACTIVAR A CISTERNA (EVITA SALPICADURAS)</b></p> <p><b>3º LAVA AS MANS ANTES DE SAÍR DO LAVABO</b></p>
---

- j. Ao tusir ou esberrar, deberase cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado. Posteriormente deberanse lavar ou desinfectar as mans.
- k. Deberanse utilizar panos desbotables. Posteriormente, deberanse lavar ou desinfectar as mans.
- l. Evitar tocar os ollos, a nariz e a boca.
- m. Evitar coller pertenzas alleas, así como o material do monitorado.
- n. Collerase sempre o material do espazo onde indica “desinfectado” e depositarase no espazo onde indica “sucio”.

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

### 9.2 MEDIDAS DE HIXIENE E DESINFECCIÓN DAS INSTALACIÓNS E ESPAZOS

#### **LIMPEZA**

Nas instalacións pechadas deberase extremar a limpeza, sobre todo nas zonas comúns, comedores ou espazos similares. En concreto, nos pomos, portas, cadeiras e mesas.

Haberá unha ou varias persoas de limpeza durante a realización dos campamentos que se encargará de realizar unha limpeza continua nos lavabos.

As instalacións deberanse limpar con lixivia (1:50) acabada de preparar ou con desinfectantes con actividade virucida autorizada.

Nunca se utilizarán desinfectantes e lixivia cando estean presentes os menores.

Despois das limpeza débese ventilar o espazo.

Deberase realizar unha limpeza en profundidade despois da desinfección diaria.

A empresa deberá realizar un rexistro de limpeza diario que será entregado diariamente ao Servizo Municipal de Deportes.

#### **DESINFECCIÓN**

As instalación deportivas pechadas serán desinfectadas cada día ao rematar os campamentos.

A empresa deberá realizar un rexistro de desinfección diario que será entregado ao Servizo Municipal de Deportes.

#### **DISPENSADORES DE XEL E PAPELEIRAS**

Colocaranse dispensadores de xel e papeleiras (abertas ou con pedal) en todos os espazos comúns.

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

### **SINALIZACIÓN**

Colocarase sinalización en todos os espazos indicativos das medidas hixiénico-sanitarias ou de prevención.

### **ELIMINACIÓN DE ELEMENTOS NON NECESARIOS**

Eliminaranse todos os mobles e elementos que non sexan necesarios para a realización dos campamentos.

No interior da instalación deportiva manteranse as portas abertas, sempre que se poida, para evitar que se toquen ao entrar e saír.

### **ZONA DE COMEDOR**

Realizarase unha desinfección diaria.

Realizarse limpeza antes e despois do seu uso polos menores.

Deberase garantir unha distancia entre cada menor de 1,5 metros e no caso de que isto non sexa posible estableceranse quendas de comida.

Será en réxime de auto servizo e con monodosis de un só uso.

### **9.3 UTILIZACIÓN DE MATERIAIS POLOS MENORES**

Intentarse entregar material de forma individual, previamente desinfectado, e sen que se comparta entre os nenos e nenas.

No caso de ter que compartir farase sempre entre cada subgrupo.

O material deportivo limpo depositarase nunha zona e o sucio na outra, para a súa posterior desinfección.

O material deportivo será de uso exclusivo para cada grupo e desinfectarase a diario.

O material de sinalización (arcos, conos, ..) será manipulado exclusivamente polo monitorado que, antes de usalo, deberá desinfectar as mans, e unha vez usado deberá colocalo no sitio indicado para a súa posterior desinfección.

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

Unha vez finalizado o campamento procederase a unha desinfección mais profunda para o seguinte turno.

### 9.4 DESPRAZAMENTOS DOS MENORES

Priorizaranse os desprazamentos a pé, acompañados do seu monitor ou monitora.

De non ser posible faranse en autobús e con máscara, gardando as medidas de seguridade.

A empresa encargada do transporte debe limpar os autobuses despois de cada uso e realizar ademais unha desinfección diaria.

### 10. OUTRA INFORMACIÓN RELEVANTE PARA AS FAMILIAS

Os menores deben acudir á instalación con roupa cómoda.

Os menores deben acudir á instalación con calzado deportivo, a poder ser pechado. Debe evitarse o uso de sandalias.

O calzado será desinfectado na entrada con alfombras especiais con lixivia polo que se pode destiñir ou deteriorar. O Concello da Coruña non se fai responsable dese deterioro.

Os menores deberán acudir ao campamento co pelo retirado da cara, a poder ser atado, de tal forma que se evite que se toquen a cara.

Non deberán traer pulseiras, aneis ou pendentos.

Deberán traer unha pequena mochila ou bolsa con:

- Máscara de reposto
- Panos desbotables
- Roupa de reposto, de consideralo necesario
- Bañador e sandalias de praia o día que estea programada esta actividade
- Merenda individual e unha botella de auga

Non se poderá compartir comida nin bebida.

## CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS VERÁN 2020

Non se realizará ningunha labor hixiénico-sanitaria polo que é imprescindible que os participantes teñan autonomía para ir ao lavabo.

### 11. ÁMBITO DE APLICACIÓN DESTE PROTOCOLO

Este Protocolo será de aplicación nos Campamento deportivos municipais de verán 2020 organizados pola Concellaría de Deportes.

As entidades e/ou clubs deportivos da cidade que organicen campamentos de verán nas instalacións deportivas municipais, deberán atender a este Protocolo e demais normativa aprobada ao respecto, en todos aqueles puntos que lle poidan afectar directamente.

Ademais, deberán atender ao Protocolo de uso de instalacións deportivas municipais.

As entidades deberán vixiar que os menores dos que son responsables cumpran as medidas hixiénico-sanitarias e deberán aportar os elementos de desinfección necesarios para desinfectar o material deportivo que utilicen. No caso de que utilicen material deportivo municipal deberán desinfectalo antes e despois de cada uso.

A Concellaría de Deportes non se fará responsable da limpeza e desinfección do material deportivo utilizado polo club ou entidade.

No caso de que a Concellaría de Deportes autorice a realización de campamentos deportivos na súas instalacións, só se fará responsable da limpeza diaria ordinaria da instalación e da desinfección de cada instalación deportiva municipal.

Cada club ou entidade deportiva que organice campamentos nunha instalación deportiva municipal deberá entregar antes do comezo do campamento un protocolo propio así como un teléfono de contacto da persoa responsable.

A persoa responsable terá a obriga de comunicar ante o Servizo Municipal de Deportes calquera caso que poida aparecer nos seus campamentos con síntomas COVID-19 durante o período de realización dos seus campamentos.